
CURTAS
FESTIVAL DO IMAXINARIO
VILAGARCÍA DE AROUSA
23.10 - 1.11.2026
PROGRAMA


MÉLIÈS
INTERNATIONAL
FESTIVALS
FEDERATION
MR. K
is the 2025
Méliès d'or winner
The winners of the Méliès d'or 2025 are the feature film **Mr. K** by Tallulah Hazekamp Schwab and the short film **Don't Be Afraid** by Mats Udd. The Méliès International Festivals Federation awarded them with the Méliès d'or in Sitges, October 2025. Who will be next? Find out more at **melies.org**
WINNER
Méliès
d'or
2025

A PROGRAMACIÓN PODE SUFRIR CAMBIOS.
Descarga a app oficial de Curtas desde **curtas.org** e mantente ao día de horarios, sesións e posibles cambios de última hora.

Convidados | **VOSE** Versión Original Subtítulos Español | **VCSI** Versión Castellano Subtítulos Inglés | **VOSI** Versión Original Subtítulos Inglés

PROGRAMA

VENRES 2 OUT

20:00 - INAUGURACIÓN DAS EXPOSICIÓNS

SALA RIVAS BRIONES (do 2 de outubro ao 15 de novembro)

MAKING MOVIES: Un percorrido polos segredos da creación cinematográfica que reúne máis de 100 pezas orixinais de películas lendarias como *Star Wars, Indiana Jones* ou *Alien*, entre elas obxectos que nunca antes foron exhibidos en Galicia.

O GABINETE DE CURIOSIDADES: Unha exposición que se presenta en primicia mundial no festival e que se poderá ver exclusivamente en Curtas Festival do Imaxinario. A mostra, que conta coa colaboración de Un Mundo a Otra Escala, reúne obxectos autografados e réplicas de películas e series míticas como *Pesadelo en Elm Street*, *Hellraiser, O exorcista, O resplandor, A matanza de Texas, A historia interminable, Dentro do labirinto* entre moitas outras.

INTO THE ABYSS: The Art of Dariusz Kieliszek: Curtas presenta por primeira vez en España unha selección da obra de Dariusz Kieliszek, un dos artistas máis recoñecidos dentro da arte fantástica contemporánea. O creador polonés desenvolveu un universo visual propio, marcado polo terror cósmico, a fantástica escura e as atmosferas inspiradas no imaxinario de H. P. Lovecraft. As súas obras están poboadas de criaturas inquietantes, paisaxes imposibles e figuras que exploran a fronteira entre o humano e o monstruoso. *Into the Abyss* ofrece así un percorrido por unha das miradas máis persoais e perturbadoras da arte fantástica actual.

CLAYFACE, DE XERMÁNICO: Terror e Fantasia nun mundo de superheróes: A exposición afonda no proceso creativo do artista galego Xermánico en torno a *Clayface*, o mítico personaxe de DC Comics. A través dos orixinais realizados para *Batman: One Bad Day – Clayface*, a mostra permite achegarse ao traballo desenvolvido para a obra publicada por DC, dende a construción visual do personaxe ata a súa resolución gráfica.

HISTORIAS DESDE O LIMIAR (Do 2 de outubro ao 15 de novembro): A exposición reúne os orixinais realizados por Santipérez para *Historias desde o Limiar*, o proxecto literario e gráfico desenvolvido xunto ao escritor Manuel Losada. As historias forman parte do universo narrativo creado por Curtas para a edición de 2026 e funcionan como unha precuela do festival. A mostra permitirá descubrir de cerca as ilustracións orixinais que acompañan os relatos, que serán publicados durante o festival nun volume físico.

AUDITORIO (do 2 de outubro ao 2 de novembro)

DESDE EL UMBRAL: Las pesadillas y alucinaciones de Luis Camacho: Unha inmersión no imaxinario do artista a través dunha selección que inclúe obras que formarán parte do seu próximo libro, *Manual Zoomórfico 2*, xunto con pinturas de gran formato e outras creacións inéditas.

O CINEMA E OS SEUS PROTAGONISTAS: Unha exposición fotográfica de Josep Maria Contel, recoñecido fotógrafo de prensa e gran amigo do festival, que percorre máis de 40 anos de traxectoria profesional a través de imaxes de grandes personalidades do cinema captadas en festivais, rodaxes e estreas.

SÁBADO 17

19:00 - CURTAS SURVIVAL ZOMBIE (Punto partida Auditorio, desenvolverase por toda a cidade)

As rúas de Vilagarcía convértense no escenario dun gromo zombi real. Sen pantallas polo medio. Curtas Festival do Imaxinario trae a Vilagarcía a Survival Zombie, a experiencia Real Game máis potente de España, con máis de 600 edicións ás súas costas. Seis horas por diante para correr, buscar recursos, sobrevivir a hordas de mortos viventes e establecer alianzas... ou traizoar os teus compañeiros cando as cousas se poñan feas. Pero isto non vai só de correr para esquivar trabadas. Nas frecuencias apagadas comezou a soar unha estraña chamada ancestral. Textos primixenios que levan milleiros de anos agardando baixo a superficie. Atréveste a responder á Chamada antes de que remate a noite?

VENRES 23

10:00 - FANTAESCOLAS (Salón García)

Un programa combinado pensado para os máis pequenos no que, tras a visita ás exposicións, unha animación de Cthuliño presentará os comezos do cinema e amosará aparellos como o taumatropo ou o zoótropo. A continuación, realizarase unha proxección didáctica de *Viaxe á Lúa* de Georges Méliès. Entregaráselles o material para facer na clase un taumatropo e un zoótropo, ademais de varias láminas para colorear.

18:00 - INAUGURACIÓN MONSTRORAMA 2 (Salón García)

(Do 23 de outubro ao 1 de novembro): Os monstros regresan ao Salón García cunha nova edición desta exposición de figuras a tamaño real dedicada aos grandes terrores cinematográficos de onte e de hoxe. Como principal novidade, incorpora novas figuras e máis animatrónicos para ofrecer unha

experiencia máis inmersiva, contando coa colaboración da empresa especializada MadAboutHorror.co.uk do Reino Unido que celebra o seu 10 aniversario. Presentarase unha nova figura da man do seu creador Daniel Martínez.

18:15 - CURTAMETRAXES: ARREPIOS I (Salón García) VOSE

27B, David Talon — *Francia, 2026* — **ESTREA EN GALICIA**
AMOR DE PADRE, Caye Casas — *España, 2026* — **ESTREA EN GALICIA**
BREATHWORK, Erik Westerström — *Suecia, 2026* — **ESTREA EN GALICIA**
COMPOST, Jennifer Lumbroso — *Francia, 2026* — **ESTREA EN GALICIA**
FAVELA AMARELA, Nícolas Lobato e Thiago Tuchu — *Brasil, 2026* — **ESTREA EN GALICIA**
OPEN MIC, Jano Pita — *España, 2025* — **ESTREA EN GALICIA**
THE LAST CHEAP HOUSE, Meg Favreau — *Estados Unidos, 2025* — **ESTREA EN ESPAÑA**

20:15 - INAUGURACIÓN: A CHAMADA DE CTHULHU, musicada en directo por Caspervek + Estrea adianto de Curtas Mutantes: A RAÑALA (Salón García)



A CHAMADA DE CTHULHU

CURTAS REWIND | 2005 | Estados Unidos | 50 min. | VOSE
Dirección: Andrew Leman
Reparto: Ramón Allen Jr., Leslie Baldwin, Daryl Ball

A película inaugural de Curtas Festival do Imaxinario será *A Chamada de Cthulhu (The Call of Cthulhu)*, a aclamada adaptación da historia de H.P. Lovecraft producida por The H.P. Lovecraft Historical Society en 2005. E ademais o fará nunha sesión imperdible na que **Caspervek** estreará e interpretará en directo a banda sonora composta para a ocasión.
Adaptando a historia ao estilo dos filmes mudos, conta como, mentres ordena os asuntos do seu finado tío, un home atopa accidentalmente cunha serie de oscuros segredos relacionados cun antigo horror que agarda ser liberado.

22:00 - HOPE (Salón García)



HOPE

S.O. NOCTURNA | 2026 | Corea do Sur | 160 min. | Estrea en Galicia | VOSE
Dirección: Na Hong-jin
Reparto: Hwang Jung-min, Zo In-sung, Hoyeon

Nas aforas dunha remota cidade portuaria prodúcese un misterioso descubrimento. Os habitantes vense inmersos nunha loita desesperada pola supervivencia contra algo co que nunca antes se tiñan atopado.
Esta película conta coa colaboración do **Centro Cultural Coreano en España.**

SÁBADO 24

10:00 - CURTAS IMAXINA (Actividade exclusiva para profesionais) (Auditorio)

11:00 - SALA DE XOGOS CON BREOGAMES E ROTTING PIZZA (Sala Rivas Briones pt 2)

11:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

11:00 - TATTOO FLASH DAY CON EL DRAGÓN TATTOO (Sala Rivas Briones pt 2)

11:00 - CURTAMETRAXES: LUSCA FILM FEST (Salón García) VOSE

Unha selección de curtametraxes do Lusca Film Fest de Puerto Rico.

EL JACHO: A PUERTO RICAN LEGEND, Adrián Borges — *Puerto Rico, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
DOLOR, Jowy Joel Santiago — *Puerto Rico, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
LEALTAD, Kiara Jeniva — *Puerto Rico, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
PITIGUÁ, Paula Martínez Cirilo — *Puerto Rico, 2017* — ESTREA EN ESPAÑA
TELARAÑA, Nicola Ríos — *Puerto Rico, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
THE SHADOW OF THE WITNESs, Brian Rodríguez — *Puerto Rico, 2024* — ESTREA EN ESPAÑA

12:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SUPERNATURAL CHEVROLET IMPALA 1967 (Rúa do Río)

Os monstros e criaturas da escuridade xa poden empezar a tremer!
Baby, o lendario Chevrolet Impala de 1967 co que Sam e Dean Winchester percorrían as estradas cazando o mal en *Sobrenatural (Supernatural)* chega ao Curtas Festival do Imaxinario!
Os días 24 e 25 de outubro, terás a oportunidade única de contemplalo de cerca e fotografiarte con el para sentirte por uns momentos en plena caza. Preparadx para poñer rumbo a estrada do misterio?

12:45 - CURTAMETRAXES: OBSCURA FILM FEST (Salón García) VOSE

Unha selección de curtametraxes do Obscura Film Fest de Berlín (Alemaña).

PREY SWITCH, Falko Jakobs — *Alemania, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
0, Dominik Balkow — *Alemania, 2022* — ESTREA EN ESPAÑA
2 ALIENS TERROR STATION, Thomas Zeug — *Alemania, 2016* — ESTREA EN ESPAÑA
UPSTAIRS, Michael Popescu — *Alemania, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
SHYĀMA, Lynn Huberty — *Alemania, 2020* — ESTREA EN ESPAÑA
ANTISOCIAL, Tobias Rothacker — *Alemania, 2024* — ESTREA EN ESPAÑA
NIGHT SHIFT, Lorenz Hideyoshi Ruwwe — *Alemania, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA

15:30 - SPACETIME CHRONICLES (Salón García)



SPACETIME CHRONICLES

S.O. VISIONS | 2025 | Italia | 70 min. | Estrea en Galicia | VOSE
Dirección: Stefano Bertelli

Un home vaga por un espazo suspendido entre a realidade e o sono, guiado por un gato que encarna a súa conciencia. A través de recordos fragmentados, encontros simbólicos e momentos detidos no tempo, enfróntase ao medo, ao desexo e á súa propia identidade. Spacetime Chronicles é un viaxe animado e introspectivo sobre a incerteza, a repetición e a beleza serena que se atopa no camiño, máis ca na meta.

16:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SUPERNATURAL CHEVROLET IMPALA 1967 (Rúa do Río)

16:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

16:00 - TATTOO FLASH DAY CON EL DRAGÓN TATTOO (Sala Rivas Briones pt 2)

16:00 - SALA DE XOGOS (Sala Rivas Briones pt 2)

16:30 - MASTERCLASS: TÉCNICAS AVANZADAS DE PINTURA E ESCENOGRAFÍA CON DANIEL MARTÍNEZ (Sala Rivas Briones pt 1B)

16:30 - CUENTOS PARA NIÑAS CON PISTOLAS DE TANIA VARELA (Sala Rivas Briones pt 1A)

16:45 - A HISTORIA INTERMINABLE (Salón García)



A HISTORIA INTERMINABLE

CURTAS FAMILY | 1984 | Alemaña, EUA | 102 min. | VCSI
Dirección: Wolfgang Petersen
Reparto: Noah Hathaway, Barret Oliver, Tami Stronach

Volve a Fantasía. Pero esta vez… deixa que a maxia te rodee.
Disfruta dun xeito moi especial de volver vivir A Historia Interminable (1984), o clásico de Wolfgang Petersen que nos fixo soñar de pequenos. Unha proxección **Curtas Sensoria**. Non só vas velo. Vas sentilo. E ata aquí podemos contarche.
Lembras as Portas do Oráculo? Pois quizais chegou o momento de cruzalas outra vez.
E como sempre: de balde, porque a maxia molla moito máis cando non doe no peto.
Bastian fuxe do mundo real refuxiándose nas páxinas dun libro que o arrastra a Fantasía, un universo alucinante a piques de ser borrado do mapa por unha escuridade chamada a Nada.
Para salvar a Emperatriz Infantil, o guerreiro Atreyu terá que cruzar os Pantanos da Tristeza, enfrontarse a oráculos letais e solcar os ceos a lombos do dragón da sorte Fújur.

17:00 - MASTERCLASS: MIRANDO AO ABISMO CON DARIUSZ KIELISZEK (Sala Rivas Briones pt 1A)

18:00 - SESIÓN DE SINATURAS DARIUSZ KLIELISZEK (Sala Rivas Briones pt 2)

18:00 - MASTERCLASS: O ÉXITO DA ANIMACIÓN GALEGA CON JORGE MORAIS

18:40 - CURTAMETRAXES: ARREPIOS II (Salón García) VOSE

CARNE, Pasquale Russo — *Italia, 2026* — ESTREA MUNDIAL
DOSENMUTTER VOL. 1, Alexander Peskador — *Alemaña, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
THE INHERITANCE, Destinee Stewart — *Estados Unidos, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
THE WAKE UP, Clara Veci — *Reino Unido, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
TRIA FATA, Leslie Crocqeufere e Camille Tello — *Francia, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
YO PRIMERO, Pedro Gusmão — *España, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA

19:00 - MASTERCLASS: DÁNDOLLE FORMA Á FANTASÍA CON COLIN ARTHUR

19:00 - CURTAS IMAXINA: ENCONTRO CON MONICA GARCIA MASSAGUE (Festival de Sitges) (Sala Rivas Briones pt 1B)

20:00 - MASTERCLASS: A ANATOMÍA DA TENSIÓN CON MIGUEL ÁNGEL VIVAS (Sala Rivas Briones pt 1A)

20:00 - SESIÓN DE SINATURAS COLIN ARTHUR (Sala Rivas Briones pt 2)

20:30 - LA MALA MADRE (Salón García)



LA MALA MADRE

S.O. VISIONS | 2026 | España | 88 min. | Estrea Galega | VCSI
Dirección: Alicia Albares
Reparto: Thaïs Blume, Alex Gadea, Marina Alegre

Victoria desperta sen lembranzas nunha casa estraña e illada, coidada por un médico e a súa nai. A medida que pasan os días, descobre unha verdade decatante que involucra secretos, secuestros e asasinatos.

22:00 - A NOITE DO RITUAL: SCREAM (Salón García)



SCREAM

CURTAS REWIND | 1996 | Estados Unidos | 111 min. | VOSE
Dirección: Wes Craven
Reparto: Neve Campbell, Courteney Cox, David Arquette

En busca de fomentar as experiencias, Curtas Festival do Imaxinario crea este ano A Noite do Ritual. Unha nova acción deseñada para dotar ao festival dun espírito máis interactivo e participativo, transformando unha proxección estándar nunha auténtica celebración comunitaria.
Para esta estrea tan especial, a sesión renderá homenaxe ao 30º aniversario de *Scream* (Wes Craven, 1996), a película que reescribiu as regras do xénero de terror, convidando aos asistentes a romper a cuarta parede e converter a sala de butacas nunha extensión das rúas de Woodsboro.
Lonxe do silencio respetuoso das salas convencionais, o público estreará esta experiencia contando cun Kit de Supervivencia —que inclúe varios obxectos— para participar activamente con consignas colectivas. Os asistentes poderán responder aos teléfonos gritando *"Quén é?!"*, ovacionar o cameo do mestre Wes Craven, cumprir as normas de supervivencia ou advertir aos personaxes de que *"Vas morrer!"*, nunha liturxia de nostalxia e adrenalina que, ademais dun photocall, un concurso de berros e unha foto de familia inesquecible para marcar este primeiro "ritual" por todo o alto.

DOMINGO 25

11:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

11:00 - SALA DE XOGOS CON 3D JUEGOS, BREOGAMES E ROTTING PIZZA (Sala Rivas Briones pt 2)

12:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SUPERNATURAL CHEVROLET IMPALA 1967 (Pz. Galicia)

11:45 - A HISTORIA INTERMINABLE (Sesión Azul) (Salón García) VCSI

Esta proxección é unha sesión azul: cine inclusivo e adaptado para persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e sensibilidades sensoriais, nun contorno *neuro-friendly* con luz tenue e volume reducido.

16:00 - BINDING EVA (Salón García)



BINDING EVA

S.O. VISIONS | 2026 | Reino Unido | 76 min. | Estrea Internacional | VOSE
Dirección: Conscian Morgan
Reparto: Ryan Ralph, Gerrard Catherine Deevy, Darcey Wood

Cando o contrabandista Felix secuestra a unha nai e á súa filla pequena tras un trato fallido, obrígalas a internarse na espesura dun bosque inglés. Perdidos entre as árbores e axexados por algo que nunca chegan a ver, descubren que os sendeiros mecen a repetirse. Entre Felix e a nena xorde unha tenrura improbable: o primeiro decente que el fixo en anos. Pode que tamén sexa o último. Para un home como Felix, a redención sempre ía chegar demasiado tarde.

16:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

16:00 - SALA DE XOGOS (Sala Rivas Briones pt 2)

16:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SUPERNATURAL CHEVROLET IMPALA 1967 (Photocall)

17:00 - PRESENTACIÓN: "NIXX" CON DAMIÁN GÓMEZ FIGUEIRAS E IAGO FERNANDEZ FALCÓN (Sala Rivas Briones pt 1A)

Presentación desta banda deseñada editada por Retranca Editorial na que a pequena filla da raíña dos demos escapa do inferno para continuar coa tradición familiar de conquistar o mundo dos humanos. Na súa travesía terá que enfrontarse ao líder relixioso da cidade de Pontemundu e á súa banda de lacaios: un cazador de demos, unha monxa boxeadora e un fan dos concursos. Nesta viaxe descubrirá que o seu obxectivo vai ser moito máis difícil do que ela pensaba.

17:00 - VERTICAL FANTASTIC CONTEST (Sala Metropol) VOSE

Espazo dedicado ás novas narrativas e formatos en vertical, adaptados ás novas pantallas e hábitos de consumo dixital.

AGAIN, Anastasia Sidorova — *Reino Unido, 2026* — ESTREA MUNDIAL
DERRIÈRE LA PORTE, Leonardo Valenti — *Francia, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
FIND MY PHONE, Christopher Jorna — *Reino Unido, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
GREYSTANES CHAPTERS 01-07, Ryan Cauchi — *Australia, 2024* — ESTREA EN GALICIA
INTERNAL FATAL ÆRROR, Elias Nathan Suarez — *Ecuador, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
NAHUALES, Alejandro Cervantes — *México, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA

17:30 - CURTAMETRAXES: FUTUROS POSIBLES (Salón García) VOSE

DONDE EL VIAJE TERMINA, Víctor D. Somoza e Nadia Mata — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
IMPRINT, Ran Jing — *Estados Unidos, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
PERIOD., Nikola Petrovic — *Serbia, 2026* — ESTREA MUNDIAL
OUMUAMUA, Iker Iturria — *España, 2026* — ESTREA MUNDIAL
STRIVE, Jussi Rautaniemi — *Finlandia, 2026* — ESTREA EN GALICIA
TEN TO SIX, Alessio Rupalti — *Reino Unido, 2026* — ESTREA EN GALICIA
WAKING, Tingmu Yang — *China, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA

18:00 - SESIÓN DE SINATURAS CON DAMIÁN GÓMEZ FIGUEIRAS E IAGO FERNANDEZ FALCÓN (Sala Rivas Briones pt 2)

18:00 - CASTELAO FANTÁSTICO POR IRIA-FRINÉ RIVERA VÁZQUEZ (Sala Rivas Briones pt 1A)

19:00 - FANTASTIC MUSIC VIDEOS (Sala Metropol)
Unha viaxe onde a música se fusiona coa narrativa fantástica, a ciencia ficción e o terror

JOTA DE NOCHE, Saúl González Abejón — *España, 2025* — ESTREA EN GALICIA
LIKHO – NIGHTMARE, Patryk Dróżdż — *Polonia, 2026*
MAMA DOOM "WOVEN LINEN", Anne Hickey — *Estados Unidos, 2026* — ESTREA INTERNACIONAL
RADIATION APRIL, Sabrina Mendoza — *Estados Unidos, 2026* — ESTREA EN EUROPA
STAD – IK KIN HIER GAINAINE, Manon Dessainte e Kai Phan — *Países Baixos, 2025*
TAKE IT BACK, Lee Daehan — *Corea do Sur, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
THINKIN' ABOUT, Maurilio Rodríguez — *México, 2025* — ESTREA EN EUROPA

19:00 - SESIÓN DE SINATURAS DARIUSZ KLIELISZEK (Sala Rivas Briones pt 2)

19:00 - MASTERCLASS: A FORMA DO TERROR CON SERGIO STIVALETTI (Sala Rivas Briones pt 1A)

19:15 - MOVIEDREAMS (Salón García)



MOVIEDREAMS

S.O. NOCTURNA | 2026 | Argentina | 117 min. | Estrea en Galicia | VOSI
Dirección: Horacio Maldonado, Axel Maldonado
Reparto: Maximiliano Maldonado, Valentía Podio, Agustín Olcese

Nun futuro próximo, unha empresa chamada LucidVisions Corporation lanza Moviedreams, unha plataforma capaz de inducir soños interactivos hiperrealistas. O seu creador, Diego, descobre unha perigosa conspiración para usar o sistema como un arma de intelixencia masiva e control psicolóxico.

20:00 - SESIÓN DE SINATURAS SERGIO STIVALETTI + COLIN ARTHUR (Sala Rivas Briones pt 2)

21:30 - TRÁNSITO (Salón García)



TRÁNSITO

S.O. NOCTURNA | 2026 | España | 80 min. | Estrea en Galicia | VCSI
Dirección: Kiko Prada
Reparto: Carlos Bardem, Aria Bedmar, Mamen García

Unha familia reúnese no seu restaurante cando se acerca o Nadal para celebrar o aniversario da matriarca, Susana, pero acaba víndose envolta nun xogo sinistro que os obriga a enfrontarse a escuros secretos do seu pasado.

LUNS 26

16:00 - THE REMEDY (Salón García)



THE REMEDY

S.O. ALUCINE | 2026 | Estados Unidos | 87 min. | Estrea Española | VOSE
Dirección: Alex Kahuam
Reparto: Timothy Granaderos, London Thor, Doug Jones

Un xove con problemas é o coidador tanto da súa nai con unha enfermidade terminal como da súa irmá con unha enfermidade mental. Cando fai un intento desesperado por salvar a súa nai, desata unha entidade sobrenatural que se alimenta de carne humana.

17:30 - CURTAMETRAXES: OUTRAS REALIDADES (Salón García) VOSE

A HAND TO HOLD, Philip Clyde-Smith — *Reino Unido, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
CHARLIE IS NOT A BOY, Pol Kurucz — *Francia / Hungría / Estados Unidos, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
DORMANT, Cris Gavrilova — *Rusia, 2026* — ESTREA EN GALICIA
EXIT, Lieven Vanhove — *Bélxica, 2026* — ESTREA EN GALICIA
JUST ONE MINUTE, Norah Alexandra Vega — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
RELIEVED, Steffen Geypens — *Bélxica, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
SAKANA, Yun-Rei Chuang — *Taiwán, 2026* — ESTREA MUNDIAL
SHEEP CODE, Ali Rahmati — *Irán, 2026* — ESTREA MUNDIAL

19:15 - BURY THE DEVIL (Salón García)



BURY THE DEVIL

S.O. NOCTURNA | 2025 | Canadá, Estados Unidos | 86 min. | Estrea en España | VOSE

Dirección: Adam O'Brien
Reparto: Dawn Ford, Emmanuelle Lussier Martinez, Bill Rowat

Unha enfermeira de coidados paliativos atrapada cunha paciente con demencia sospeita que a muller alberga algo sobrenatural e debe loitar por sobrevivir á noite.

21:00 - REMANENTE: VOLTAGEM (Salón García)



REMANENTE: VOLTAGEM

S.O. ALUCINE | 2026 | Brasil | 80 min. | Estrea en España | VOSE
Dirección: Kapel Furman
Reparto: Ricardo Gelli, Ricardo Oliveira, Clarissa Kiste

Dous paramédicos de Novo Hamburgo atopan un tesouro nun antigo soto. Accidentalmente abren un portal dimensional e desatan un horror cósmico: unha criatura decidida a recuperar o seu ouro custe o que custe.

MARTES 27

16:00 - ODDITIES (Salón García)



ODDITIES


S.O. NOCTURNA | 2024 | Estados Unidos | 91 min. | Estrea Galega | VOSE
Dirección: Tyler Savage
Reparto: Adrienne Barbeau, Xander Berkeley, Lovie Simone

Cando dous mellores amigos autodestrutivos matan accidentalmente ao seu camelo, teñen que fuxir da cidade. Ao parar noutra tenda de antigüidades na estrada, danse conta rapidamente de que a muller maior que rexenta o lugar non é tan doce como parece. Saen da tixola para caer nas brasas mentres loitan por sobrevivir mentres os criminais dos que fuxían caen sobre a propiedade…

17:35 - CURTAMETRAXES: ARREPIOS III (Salón García)

CANGURO, David Hebrero — *España, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
GIMME, Steven Schloss — *Estados Unidos, 2025* — ESTREA EN GALICIA
THE FABRIC OF DARKNESS, Maciej Wladyslaw Herzog — *Polonia, 2026* — ESTREA INTERNACIONAL
THE SORROWS OF YOUNG CHARLOTTE, Shir Ariya — *Reino Unido, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
THE WHISPERER IN DARKNESS, Andrew G. Cooper — *Canadá, 2026* — ESTREA INTERNACIONAL
TURN IT DOWN, Niels Bourgonje — *Países Baixos, 2026* — ESTREA MUNDIAL
WHITCH, Hoku Uchiyama — *Estados Unidos, N/D* — ESTREA EN GALICIA

19:15 - THE GLORIOUS DEAD (Salón García)



THE GLORIOUS DEAD

S.O. NOCTURNA | 2026 | Estados Unidos | 78 min. | Estrea en Galicia | VOSE
Dirección: Toby Poser, John Adams
Reparto: Toby Poser, Zelda Adams, Judith Roberts

Sigue a unha alguacil dun pobo pequeno e ao seu axudante que se desperta nun mundo cambiado onde a sangue gotea dos grifos, a xente desaparece, as criaturas deambulan polo bosque e os mortos levántanse mentres a cidade se afunda no caos.

21:00 - UNHOLY NIGHT (Salón García)



UNHOLY NIGHT

S.O. ALUCINE | 2026 | Canadá | 91 min. | Estrea en Galicia | VOSE
Dirección: Michael Gabriele
Reparto: Marc Bendavid, Shailene Garnett, Alissa Mahar

A cea de Noiteboa dunha familia convértese nunha pesadelo, xa que Gino debe protexer aos seus seres queridos da súa avoa reanimada, que interrompe a celebración con intencións asasinas.



Luna di Napoli
PASTA & PIZZA
VILAGARCÍA DE AROUSA

x

CURTAS
FESTIVAL DO IMAXINARIO
VILAGARCÍA DE AROUSA

54 EDICIÓN · 23.10 / 1.11.2026

PIZZA DEL MES · A PARTIR DEL 1 DE OCTUBRE

CURTAS

PEPPERONI · QUESO DE CABRA · CEBOLLA CARAMELIZADA
ALBAHACA · SALSA PICANTE EXCLUSIVA "LUME ABISAL"
CREADA POR **FACTORIA DO LUME**




CONSIGUE LA SALSA PICANTE **"LUME ABISAL"** EN EL LOCAL

ESTE OCTUBRE, CURTAS TAMBIÉN SE COME

— LUNA DI NAPOLI · PASTA & PIZZA · VILAGARCÍA DE AROUSA —

MÉRCORES 28

16:00 - FRANKIE, MANIAC WOMAN (Salón García)



FRANKIE, MANIAC WOMAN

S.O. ALUCINE | 2025| Estados Unidos | 94 min. | Estrea Galega | VOSE
Dirección: Pierre Tsigaridis
Reparto: Dina Silva, Stefanie Estes, Jordan DeBarge

Loitando contra o legado dun trauma infantil, a mexinia interiorizada e a gordofobia obsesionada coa imaxe do negocio musical de Os Ánxeles, a aspirante a cantautora Frankie Ramírez finalmente estala, con resultados sangrentos.

17:45 - CURTAMETRAXES: ARREPIOS IV (Salón García) VOSE

BEHIND THE DOOR, Justus van den Elsen — *Países Baixos, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
BRAINROT, Nathan Martin — *Australia, 2026* — ESTREA INTERNACIONAL
CAP AL CEL, Nicolás Solé — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
LAST CALL, Christopher Carson Smith e Peter Sawyer — *Estados Unidos, 2026* — ESTREA EUROPEA
LEGEND HAS IT, Thomas Lorber — *Canadá, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
SEÑUELO, Martha G. Ayerbe — *España, 2025* — ESTREA EN GALICIA

19:15 - LA CASA DE LOS MONSTRUOS (Salón García)



LA CASA DE LOS MONSTRUOS

CURTAS XTRA | 2025 | España | 83 min. | Estrea Española | VOSE
Dirección: David Hebrero
Reparto: Antonio Resines, Jaime Lorente, Eva Isanta

Tras anos lonxe da súa familia, un cineasta en crise regresa á casa para coidar durante unha noite do seu pai enfermo. Alí, a presenza do seu irmán falecido e os recordos que crea enterrados converterán o fogar familiar nun territorio onde realidade, memoria e pesadelo comezan a confundirse.

21:00 - ITHAQUA (Salón García)




ITHAQUA

S.O. ALUCINE | 2026 | Canadá | 110 min. | Estrea en Galicia | VOSE
Dirección: Casey Walker
Reparto: Kevin Durand, Michael Pitt, Luke Hemsworth

Un posto de peles no século XIX illado do mundo, un frío que corta a respiración e algo ancestral, famento de carne, a acechar na escuridade.
A mítica Hammer Films volta pola porta grande ao cine de monstros con *Ithaqua*. Coa dirección de Casey Walker (*The Void, In a Violent Nature*) e un elenco encabezado por Luke Hemsworth, Leenah Robinson, Kevin Durand, Craig Lauzon e Michael Pitt. Terror cósmico e folk do bo, do que che deixa xeado e atrapado no sitio. Estás preparadx para descubrir o que se agocha no vento?

XOVES 29

11:30 - FANTAESCOLAS: 100 ANOS DE AS AVENTURAS DO PRÍNCIPE AHMED, Musicada por Caspervek (Auditorio)



AS AVENTURAS DO PRÍNCIPE AHMED

1926 | Alemaña | 66 min. | VOSE
Dirección: Lotte Reiniger

Unha experiencia educativa e sensorial única para o alumnado, que une a historia do cinema, a literatura universal e a música en directo. Nesta sesión especial de *As aventuras do príncipe Achmed* (1926) acompañada ao vivo por **Caspervek**, a música afástase das composicións clásicas habituais para adentrarse en sonoridades de distintas culturas: os estudantes poderán identificar ao vivo ritmos do leste de África, melodías orientais e harmonías propias da música árabe, convertendo o visionado nun auténtico concerto didáctico.

16:00 - SASYQ (Salón García)



SASYQ

S.O. VISIONS | 2025 | Kazajistán | 95 min. | Estrea Galega | VOSE
Dirección: Yerden Telemissov
Reparto: Dulyga Akmolda, Chingiz Kapin, Zangar Akhmet-kazy, Ailin Sultangazina

Mentres a administración do distrito se prepara para a chegada de altos cargos, o alcohólico local Sadyk Ospanovich enfróntase a problemas de proporcións intergalácticas. Dous acontecementos a grande escala coliden, desencadeando un conflito inevitable. Atrapados no medio atópanse Nadya, unha fatigada comerciante, e Baur, un inxenuo policía.

16:00 - OBRADOIRO DE INTRODUCCIÓN AO CINEMA POR SONDECINEMA (Sala Rivas Briones pt. 1B) (ata as 20 horas)

Neste curso práctico aprenderemos un pouco de historia da sétima arte, desde os tipos de planos, composicións, narrativa visual, montaxe e moitas cousas máis. Desenvolveremos exercicios prácticos en grupos reducidos e exporemos os resultados das prácticas. Duración: 4 horas.
Coa colaboración de Sondecinema.

17:45 - CURTAMETRAXES: ARREPIOS V (Salón García) VOSE

CAT IN THE GUT, Buğra Mert Alkayalar — *Turquía, 2026* — ESTREA EUROPEA
DAGON, Olivier Beguin — *Suiza, 2026* — ESTREA MUNDIAL
FRAME, Olivia Cordell e Libby Morris — *Reino Unido, 2025* — ESTREA EUROPEA
HAMBRE, Imanol Ortiz López — *España, N/D* — ESTREA EN GALICIA
HAPPY, Victor Basallote — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
MERMELADA, Xanti Rodríguez — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
MI JUEGO, David Navarro Bravo — *España, 2025* — ESTREA EN GALICIA
MICHELLE, Julia De La Cruz, Lautaro Machuca e Inés Matos — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
PLATO ESTRELLA, Roberto Del Castar — *España, 2026* — ESTREA MUNDIAL
SWITCH OFF, Sandeep Francis — *India, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
VAPE GLOW, Steven Schloss — *Estados Unidos, 2026* — ESTREA EN GALICIA

19:15 - GUMMY (Salón García)



GUMMY

S.O. VISIONS | 2026 | España | 82 min. | Estrea Galega | VOSI
Dirección: Javi Prada
Reparto: Javier Botet, Clara Alvarado, Jan Cornet

Mauro é un asasino en serie que sae unha noite máis en busca dunha vítima. Nun bar de estrada crúzase con Amaranta, unha xove que a simple vista parece un obxectivo indefenso e fácil de someter.

21:00 - FAUST (Salón García)



FAUST

CURTAS REWIND | 1926 | Alemaña | 107 min. | VOSE
Dirección: F.W. Murnau
Reparto: Gösta Ekman, Emil Jannings, Camilla Horn

Para celebrar o centenario da obra de Murnau, o pianista **Jorge Gil Zulueta** acompañará o filme que conta como o demo Mefistófeles aposta con Deus para corromper o alma dun home mortal.

VENRES 30

16:00 - CURTAMETRAXES: ARREPIOS VI (Salón García) VOSE

BANSHEE, Peter Vaas — *Irlanda, 2025* — ESTREA EN GALICIA
DARK NIGHT, Nafiseh Zohari — *Irán, 2026* — ESTREA MUNDIAL
STAY IN, Michael Buran — *Estados Unidos, 2026* — ESTREA INTERNACIONAL
THE ONE MINUTE PROBLEM, Nick Delgado — *España, 2025* — ESTREA EN GALICIA
THE WITCH DOCTOR, Nikita Voronin — *Letonia, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
UNA LANGOSTA LLAMADA DESEO, Sol Moreno e Risseth Yanguez — *Panamá, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA

17:00 - FEIRA DE ARTESANÍA E OBXECTOS CURIOSOS (Rúa do Río)

17:45 - STARGAZERS (Salón García)



STARGAZERS

S.O. VISIONS | 2025 | Reino Unido | 95 min. | Estrea en Europa | VOSE
Dirección: Jonathan Brooks
Reparto: Leo Cropley, Henry Richards, Lauren Cornelius

Jack Parker, de 12 anos, e o seu mellor amigo Benji apresúranse a desentrañar o misterio das estrañas sinales que se transmiten dende a súa vila. Podería ser a proba de que hai extraterrestres vivindo na Terra? Os rapaces teñen tres días para abrilo de ollo ou arriscarse a separarse para sempre.

18:00 - VISITA GUIADA EXPOSICIÓNS LUIS CAMACHO E JOSEP MARÍA CONTEL (Auditorio)

18:00 - DEAD BY DAWN (Sala Metropol)




DEAD BY DAWN (VHS EDITION)

CURTAS XTRA | 2026 | Polonia | 84 min. | Estrea Internacional | VOSE
Dirección: Dawid Torrone
Reparto: Bartłomiej Topa, Piotr Nerlewski, Paulina Zwierz

O dramaturgo de culto Heissenhoff, rompendo 30 anos de silencio, convida a un grupo de mozos actores a ensaiar a súa última obra sobre as últimas horas duns bruxa. A estrea é en só tres semanas no enigmático teatro da familia Heissenhoff, na aldea de Katusze. O excéntrico director e a compañía (Natalia, Marta, Szymon, Adam, Olka) chegan durante unha tempestade na Noiteboa. Os ensaios comezan, pero Natalia, a protagonista, convértese en vítima de visións perturbadoras. Tras presenciar o meirande asasinato do seu director e quedar atrapados no teatro, descobren unha historia secreta. O asasino da máscara nos ollos perséguenos, e danse conta da espantosa verdade: o plan de Heissenhoff para invocar o anticristo a través dun ritual secreto.

19:30 - MASTERCLASS: MÚSCULO, TINTA E ROCK CON SIMON BISLEY (Sala Rivas Briones pt 1A)

19:30 - THE CRAWLING (Salón García)



THE CRAWLING

S.O. VISIONS | 2026 | Estados Unidos | 83 min. | Estrea Internacional | VOSE
Dirección: Christian Everhard
Reparto: Will Brittain, Katherine Hughes, Robert Lewis Stephenson

Tras retirarse a unha remota granxa coa súa esposa, un policía caído en desgraza é agredido por unha entidade cósmica, o que desencadea unha terrible crise psicolóxica e física.

21:15 - GATOR FACE (Salón García)



GATOR FACE

S.O. ALUCINE | 2026 | Estados Unidos | 80 min. | Estrea en Galicia | VOSE
Dirección: Padraig Reynolds
Reparto: Tabitha Brownstone, Amariah Dionne, Nikolas Kolasinski

Pantanos profundos, un culto fanático desquiciado, un asasino enmascarado, gore sen censura… ¡e caimáns reais en acción! Se o teu son os slashers no pantano, esta é obrigatoria. Estás preparado para a mordida?
Unhas vacacións en Florida convértense nunha sanguenta loita pola supervivencia cando un grupo de amigos é perseguido polos pantanos por unha seita salvaxe que dá de comer as súas vítimas a caimáns voraces en nome dun antigo deus réptil.

21:30 - EXPERIENCIA INMERSIVA SAMAÍN: A PROFECÍA (Pz. Pescadería)



A PROFECÍA

CURTAS REWIND | 1976 | Estados Unidos | 111 min. | VOSE
Dirección: Richard Donner
Reparto: Gregory Peck, Lee Remick, Harvey Stephens

A exclusiva e xa imprescindible Experiencia Inmersiva de Samaín de Curtas Festival do Imaxinario centrará toda a súa atmosfera e o seu terrorífico protagonismo na conmemoración do 50 aniversario de *A Profecía (The Omen)*. Dirixida por Richard Donner e estreada en 1976, *A Profecía (The Omen)* é unha das obras cumio do cine de terror sobrenatural e un auténtico clásico moderno sobre o mal encarnado. A trama xira en torno a Robert Thorn, un diplomático estadounidense que, tras o nacemento sen vida do seu fillo, acepta adoptar en segredo un recén nado chamado Damien, sen imaxinar que o neno é en realidade o Anticristo. A medida que Damien medra, unha serie de mortes

macabras e inexplicables comezan a suceder arredor da familia, revelando unha sinistra profecía que o Pai Brennan e outras testemuñas intentan destapar. Cun suspense asfixiante, unha banda sonora oscuramente memorable de Jerry Goldsmith (que incluía o icónico tema "Ave Satani") e unhas interpretacións sobresaíntes lideradas por Gregory Peck e Lee Remick, a película consolidouse como un referente ineludible do xénero que aínda hoxe, medio século despois, segue a aterrar e fascinar a novas xeracións.

Os comensais máis atrevidos que consigan praza nesta experiencia mergullaranse nun banquete "clandestino" onde a alta gastronomía, cun menú gourmet deseñado polo chef Miguel Mosteiro (Gastrolab Arousa), se fusiona coa proxección e a animación en directo. Guiados por actores caracterizados para a ocasión, os asistentes recibirán á súa chegada un sobre que lles asignará un rol secreto —dende fotógrafos ata exorcistas ou herdeiros de Damien—, converténdos en partícipes directos dun menú sincronizado, duelos corais, rituais e a tensión dunha profecía que cumpre medio século poñendo a proba a supervivencia de todos os presentes.

SÁBADO 31

11:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

11:00 - SALA DE XOGOS CON BREOGAMES E TEMPUS LUDIT (Sala Rivas Briones pt 2)

11:00 - FANTASTIC MUSIC VIDEOS & VERTICAL FANTASTIC CONTEST (Sala Metropol)

11:00 - FEIRA DE ARTESANÍA E OBXECTOS CURIOSOS (Rúa do Río)

11:00 - OBRADOIRO DE INTRODUCCIÓN AO CINEMA FOTOQUÍMICO, POR SONDECINEMA (Sala Rivas Briones 1B) (ata as 14 horas)

Neste curso introdutorio ao cinema de 16 mm e 35 mm aprenderemos que é iso do negativo, como era rodar antes e agora máis ca nunca, as características do fotoquímico, como foi evolucionando ao longo da historia e acabaremos aprendendo a cargar unha auténtica cámara rusa de 16 mm. Duración: 3 horas. **Coa colaboración de Sondecinema.**

11:00 - CURTAMETRAXES: PANAMA HORROR FILM FESTIVAL I (Salón García) VOSI

VAMPI CORP, Linero Ledezma — *Panamá, 2023* — ESTREA EN ESPAÑA
SIHUAHUET, Melissa Lazo — *Panamá, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
POR LOS PECADOS DEL PADRE, Angel Arturo Corro — *Panamá, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
SIN IDENTIDAD, Suzette Navil Castro — *Panamá, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
LLAVES, Rafa Leonard — *Panamá, 2024* — ESTREA EN ESPAÑA
UNA SONRISA, Masciel Alessandra Chenet (Mango) — *Panamá, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
UMBRÍA, Alejandro I. Villalobos — *Panamá, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA

12:00 - ¡SCOOBY! (Sesión Azul) (Salón García)



SCOOBY!

CURTAS FAMILY | 2020 | Estados Unidos | 93 min. | VCSI
Dirección: Tony Cervone

Neste filme animado, Scooby e a pandilla énstranse ao seu maior misterio: un complot para liberar ao can fantasma Cerberus. Mentres intentan deter este apocalipse, descubren que Scooby ten un destino épico.
Esta proxección é unha sesión azul: cine inclusivo e adaptado para persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e sensibilidades sensoriais, nun contorno *neuro-friendly* con luz tenue e volume reducido.

12:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SCOOBY DOO MISTERY MACHINE (Rúa do Río)

Para pechar o festival por todo o alto e conectar coa nostalxía de varias xeracións de amantes do misterio, a mítica furgoneta de Scooby Doo (a inconfundible Mystery Machine) fará parada en Vilagarcía durante as xornadas do 31 de outubro e do 1 de novembro. Este vehículo que leva facendo soñar a pequenos e maiores dende 1969, tan ligado á cultura pop e á investigación de fenómenos insospeitados, achegará a maxia, a diversión e a intriga do can máis famoso do mundo e a súa inseparable panda de amigos para o deleite de pequenos, maiores e fieis seguidores do xénero máis divertido e familiar na celebración do Samaín Arrepiante.

16:00 - EL LLANTO DEL PERRO (Salón García)



EL LLANTO DEL PERRO

S.O. VISIONS | 2025 | Argentina | 70 min. | Estrea Galega | VOSI
Dirección: Federico Venzi, Jano Piccardo
Reparto: Miranda de la Serna, Clara Kovacic

Unha muller retírase a unha casa rural para probar un tratamento alternativo. O seu coach pon en marcha un experimento inquietante: transformar a quen a rodean en animais domésticos. O ambiente rural e a figura dun can enfermo marcan o pulso dun relato de horror íntimo e absurdo.

16:00 - SALA DE XOGOS (Sala Rivas Briones pt 2)

16:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

16:00 - FANTASTIC MUSIC VIDEOS & VERTICAL FANTASTIC CONTEST (Sala Metropol)

16:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SCOOBY DOO MISTERY MACHINE (Rúa do Río)

16:30 - MASTERCLASS: CREANDO A CRIATURA DA LAGOA NEGRA, CON DANIEL MARTINEZ (Sala Rivas Briones pt 1A)
Unha explicación detallada do proceso tras unha figura como a Criatura da Lagoa Negra da mán do seu creador.

17:00 - FEIRA DE ARTESANÍA E OBXECTOS CURIOSOS. RÚA DO RÍO

17:30 - A PRINCESA PROMETIDA (CURTAS SENSORIA) (Salón García)



A PRINCESA PROMETIDA

CURTAS FAMILY | 1987 | Estados Unidos | 98 min. | VCSI
Dirección: Rob Reiner
Reparto: Cary Elwes, Mandy Patinkin, Robin Wright

Esgrima, milagres, vinganza, xigantes, persecucións, verdadeiros amores e grandes doses de humor nunha das cintas de aventuras máis queridas da historia do cine. Unha proxección **Curtas Sensoria**. Non só vas vela. Vas a sentila. E ata aquí podemos contarche.
Mentres está en casa enfermo na cama, o avó dun neno lélle a historia dun granxeiro convertido en pirata que atopa numerosos obstáculos, enemigos e aliados na súa busca para reunirse co seu verdadeiro amor.

17:30 - MASTERCLASS: ENTRE SOMBRAS E TRAZOS, CON LAURA PÉREZ E XERMÁNICO (Sala Rivas Briones pt 1A)

17:30 - SAMAÍN ARREPIANTE: TALLER DE CALACÚS (Sala Rivas Briones Pt 1B)

18:00 - SAMAÍN ARREPIANTE: TRUCO OU TRATO
Ven disfrazado a buscar os teus doces

18:30 - PRESENTACIÓN HISTORIAS DESDE O LIMIAR CON MANUEL LOSADA E SANTIPÉREZ (Sala Rivas Briones pt 1A)

18:30 - SESIÓN DE SINATURAS: LAURA PÉREZ E XERMÁNICO (Sala Rivas Briones Pt 2)

19:10 - CURTAMETRAXES: FEITO EN GALICIA (Salón García) VOSI

8 PORTAS, Miguel R. Berride — *España, 2025*
ANTE O AVESÍO, Xaime Miranda — *España, 2026*
CARA DE CONA, Guillermo de Oliveira — *España, 2025*
CENA FAMILIAR, Oscar Abalo — *España, 2026* — **ESTREA MUNDIAL**
LUCUS, David Fidalgo — *España, 2025*
NO SON SUS OJOS, Varo López e Alejandro Guisado González — *España, 2026*

19:30 - SESIÓN DE SINATURAS: HISTORIAS DESDE O LIMIAR CON MANUEL LOSADA E SANTIPÉREZ (Sala Rivas Briones pt 2)

20:30 - SAMAÍN ARREPIANTE: CONVOCATORIA AO DESFILE DE SAMÁIN
Punto de reunión diante da Casa da Cultura.

20:45 - CLAUSURA: LOS QUE VIENEN + ENTREGA PREMIO A SIMON BISLEY (Salón García)



LOS QUE VIENEN

S.O. NOCTURNA | 2026 | España | 80 min. | Estrea Española | VOSI
Dirección: Víctor Català
Reparto: Miguel Lago Casal, Lucía Veiga, Paula Gallego

Galicia, 1976. Durante unha cea familiar, un veciño paranoico advirte sobre unhas figuras encapuchadas que emerxen da néboa: unha Santa Compaña. O que comeza como un aparente brote psicótico pronto se transforma nun asedio ritual.

21:00 - SAMAÍN ARREPIANTE: DESFILE
Comezo do desfile que se moverá polas rúas peonís ata o Castro, para chegar ata a Praza de Galicia.

21:30 - SAMAÍN ARREPIANTE: MAGOSTO POPULAR E ACTUACIÓN DE CODA
Comezo do magosto popular (coa colaboración de Zona Aberta) e a actuación de Coda.

22:00 - SAMAÍN ARREPIANTE: CONCERTO DO GRUPO FOLK ZELTIA IREVIRE

DOMINGO 1 NOV

11:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

11:00 - FEIRA DE ARTESANÍA E OBXECTOS CURIOSOS (Rúa do Río)

11:00 - CURTAMETRAXES: PANAMA HORROR FILM FESTIVAL II (Salón García) VOSI

AMANDA, Alejandra Garcia Peña — *Panamá, 2023* — ESTREA EN ESPAÑA
EL BAÚL, José Andrés Briceño — *Panamá, 2022* — ESTREA EN ESPAÑA
BUENA CHICA, Gamarie Mengíbar — *Panamá, 2023* — ESTREA EN ESPAÑA
DESMOTIVACIONES Y OTROS PLACERES CARNALES, Lydia Valdespino — *Panamá, 2024* — ESTREA EN ESPAÑA
THE MAN OF MY DREAMS, Nitson D. Carmona S. — *Panamá, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
LA VÍSPERA, Javier Roiz — *Panamá, 2024* — ESTREA EN ESPAÑA

11:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SCOOBY DOO MISTERY MACHINE (Rúa do Río)

12:00 - A CANCIÓN DO MAR (SESIÓN AZUL) (Salón García)



A CANCIÓN DO MAR

CURTAS FAMILY | 2014 | Irlanda, Dinamarca, Bélgica, Francia, Luxemburgo | 93 min. | VOSI
Dirección: Tomm Moore

Ben, un mozo irlandés, e a súa irmá pequena Saoirse, unha nena que pode converterse nunha foca, embárcanse nunha aventura para liberar as fadas e salvar o mundo dos espíritos. Esta proxección é unha sesión azul: cine inclusivo e adaptado para persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e sensibilidades sensoriais, nun contorno *neuro-friendly* con luz tenue e volume reducido.

16:00 - ARTIST ALLEY (Sala Rivas Briones pt 2)

16:00 - FANTASTIC MUSIC VIDEOS & VERTICAL FANTASTIC CONTEST (Sala Metropol)

16:00 - VEHÍCULOS FANTÁSTICOS: SCOOBY DOO MISTERY MACHINE (Rúa do Río)

16:00 - CURTAMETRAXES: ARREPIOS VII (Salón García) VOSI

L'ULTIM REFLEX, Pablo Jimenez Gallardo — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
LOOP, Chuan Lin — *Taiwán, 2026* — ESTREA EN ESPAÑA
PARASOMNIA, Henrique Faria — *Brasil, 2026* — ESTREA INTERNACIONAL
QUEMAR AL PADRE, Rafa Piqueras — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
THE AFTERS, Jamie O Rourke — *Irlanda, 2025* — ESTREA EN ESPAÑA
THE CALL, Kiko Prada — *España, 2025* — ESTREA EN GALICIA
ÚLTIMO SUPERVIVIENTE A BORDO, Jorge Blas Borroy — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA
INFLUENZER, Jandro (Alejandro López García) — *España, 2026* — ESTREA EN GALICIA

17:00 - FEIRA DE ARTESANÍA E OBXECTOS CURIOSOS (Rúa do Río)

17:40 - DENTRO DO LABIRINTO (CURTAS SENSORIA) (Salón García)



DENTRO DO LABIRINTO

CURTAS FAMILY | 1986 | Reino Unido, Estados Unidos | 101 min. | VCSI
Dirección: Jim Henson
Reparto: David Bowie, Jennifer Connelly, Toby Froud

40 aniversario da xoia da marioneta e o Fantasy escuro producida por George Lucas e protagonizada por David Bowie e Jennifer Connelly. Coa proxección **Curtas Sensoria** non só vas a vela, vas a sentila.E ata aquí podemos contarche. A Sarah, de dezaseis anos, dánlle trece horas para resolver un labirinto e rescatar o seu irmanciño Toby cando o rei trasno Jareth lle concede o seu deseo de levalo.

19:15 - EL CONVENTO (Salón García)



EL CONVENTO

CURTAS XTRA | 2025 | España | 99 min. | Estrea Galega | VOSI
Dirección: Luis Galindo, Ángel M. Chivite
Reparto: Ana Álvarez, María Mercado, Nahia Bergasa

Lucía e Ana Ma, dúas xoves postulantes recén chegadas a un pequeno convento, vénse envoltas nos estraños sucesos que acontecen no lugar. Sor Águeda, madre superiora e famosa por levar a cabo pequenos milagres, acólleas no seo da súa comunidade e faise cargo delas, pero en realidade a relixiosa é o epicentro dunha serie de horrores que acadarán ás rapazas, nun intento por traer a presenza do Maligno á Terra. Tras sufrir horrores, rituais e violacións, as xoves deberán enfrontar o seu destino con arrouxo para lograr sobrevivir.

21:15 - V/H/S/ MIXTAPE (Salón García)




V/H/S/ MIXTAPE

S.O. ALUCINE | 2026 | Estados Unidos | 98 min. | Estrea Galega | VOSE
Dirección: Ernest Dickerson, Flying Lotus, Tobias Forge
Reparto: Jihad Brent, Barbara Crampton, Mike Ferguson

Nova antoloxía da saga *V/H/S/* onde o *found footage* explora o poder terrorífico do son e a música para atormentar e destruír. *V/H/S/Mixtape* combina horror cósmico, suspense psicolóxico e *splatter* nunha inesquecible colección de pesadelos.




GO BEYOND
IMAGINATION
GO BEYOND
IMPOSSIBLE
GO BEYOND
FANTASTIC
FILMQUEST
THE 13TH
VELOUR
OCTOBER 22 - 31, 2026
DOWNTOWN PROVO, UTAH
VELOUR LIVE MUSIC GALLERY
FOR MORE INFO & TICKETS VISIT
WWW.FILMQUESTFEST.COM
VARIETY
VELOUR
provo
UTAH

CURTAS
FESTIVAL DO IMAXINARIO
VILAGARCÍA DE AROUSA

CO APOIO DE

Concello de Vilagarcía de Arousa

Deputación Pontevedra

XUNTA DE GALICIA

CO PATROCINIO DE

DE ANGELES FILMS

AC/E ACCIÓN CULTURAL ESPAÑOLA

DCP ready

GADIS

HARALD HOUSE

MAD ABOUT HORROR

THE POST OFFICE

COA COLABORACIÓN DE

3D JUEGOS

Alhambra

BREOGAME

Caetano Fórmula

주스페인한국문화원 Centro Cultural Coreano en España

daveiga

EL DRAGÓN TATTOO

FILMQUEST

FilmRelay

Gallegas DE NATA

GIL ARMADA

guía vilagarcía

Kinemaland La Tierra del Cine

Luna di Napoli

metropoliscomics.net

Milongas

Muebles Mendoza

ROTTING PESO

SHADOWZ

SONDE CINEMA

TETERETA

UN MUNDO A OTRA ESCALA

URCO PRODUCIONS

ZONA ABERTA

MEDIA PARTNERS

AULLIDOS EL PORTAL Nº1 DE CINE DE TERROR

CINE DE GÉNERO LATINOAMERICANO

deadline das Filmmagazin

FABRICA DO TERROR

MEMBROS DE

coordinadora del cortometraje español

FUGAZ

PREMIOS GOYA

MIFF MELIES INTERNATIONAL FESTIVALS FEDERATION

NOVIEMBRE FANTASMA.COM

PACTO CULTURA SUSTENTABLE

PANTALLA

proxecta coordinadora galega de festivais de cinema

RÍAS BAIXAS FILM FEST

FESTIVAL AMIGO TERROR ARREU DE CATALUNYA

VGA 365